



## ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 27 de maio de 2020**

1. Apróbase o borrador da acta anterior, celebrada o día 20 de maio de 2020.
2. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Muro de sostemento en camiño Cividanes”, mediante procedemento aberto simplificado, con cargo á subvención por importe de 93.091,72 euros correspondente ao Plan Concellos 2020 concedida pola Deputación de Pontevedra, achegando o Concello o importe de 14.694,90 euros con cargo a fondos propios.
3. **Rogos e preguntas.** Non se formulan

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Concédese licenza de obras para a rehabilitación e ampliación de vivenda tradicional sita na expansión do núcleo de Xuncal, nº 8, Marín.
2. Acórdase o inicio do expediente de contratación do servizo de “Limpeza de paias no termo municipal de Marín durante o ano 2020”, mediante procedemento aberto simplificado.
3. Subsánanse erros no acordo da Xunta de Goberno Local, de data 26 de febreiro de 2020, polo que se solicitou subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, con destino ó proxecto “Salvamento e socorrismo”, por importe de 111.000,96 euros.
4. Acéptase a subvención concedida pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, con destino ó proxecto “Mellora e renovación da iluminación pública exterior CPM3/Mogor”, por importe de 34.353,37 euros, correspondente ó 70 % do orzamento.

A ALCALDESA,  
María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E4000519A900J7S0K4R8G1H6 en <a href="https://sede.concellodemarin.es">https://sede.concellodemarin.es</a>	<b>FIRMANTE - FECHA</b>	<b>DOCUMENTO 20200334249</b>
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 17/06/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 17/06/2020 10:14:25	Fecha: 17/06/2020 Hora: 10:14

